

IX FOUNDATION REGGAE FESTIVAL 09

Tras consolidarse como único Festival do seu estilo en Galicia e como referente Nacional da Música Reggae e Músicas do Mundo, celebrarase o próximo **5 de setembro** a **IX edición do Foundation Reggae Festival**, no Paseo Marítimo de O Burgo (Culleredo), organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo e a Asociación Cultural Negus.

Nesta edición, como en anos anteriores a **ENTRADA será gratuíta**.

Contará tamén con zona de acampada libre e servizo de autobuses cada media hora e ó remate do concerto.

Este ano ademais da música, mercado, Sound System, inchables para nenos, poderase gozar de obradoiros organizados polas ONGs de inmigración e cooperación ao desenvolvemento “*Ecos do Sur*” e “*Mestura*” dándolle un carácter máis multirracial e intercultural ao Foundation.

Obradoiros Inteculturais de “Ecos do Sur” e “Mestura”

- *Obradoiro de Henna*: Tódalas persoas asistentes poderán achegarse ao mundo da Henna, facéndose unha tatuaxe a cargo dunha monitora profesional de orixe marroquí e coñecendo a orixe, as propiedades, así coma o simbolismo e tradicións que existen sobre o uso da Henna.
- *Obradoiro de Caligrafías do Mundo*: Achegamento a outra cultura a través dunha das súas manifestacións máis singulares, a escritura. Explicación da orixe da escritura e os diferentes tipos que existen no mundo . Tódalas persoas asistentes poderán levar o seu nome escrito noutra grafía como recordatorio do obradoiro.
- *Obradoiro Viaxa Xogando*: espazo de lecer tanto para adultos como cativos no que a través de xogos de neno de diferentes países coñecerás novas formas de entretemento, de expresións artísticas e gastronomía doutras culturas.


A partir das 19:00 h. actuarán grupos de renome e proxección musical, tanto a nivel galego, nacional e internacional.

ARTISTAS CONFIRMADOS

"TOSH Meets MARLEY" FULLY FULLWOOD BAND - (Jamaica)

El Legendario FULLY FULLWOOD – Bass
/Vocals /Bandleader
(Bob Marley & Peter Tosh baixista)

Fully Fullwood é un dos baixistas máis populares e coñecidos do mundo. Traballou e gravou cos artistas máis importantes do século XX, Bob Marley, Peter Tosh, Michael Rose, Mikey Dread, The Mighty Diamonds, Black Uhuru, Joe Higgs, Dennis Brown, Gregory Isaacs, Frankie Paul, Big Youth, U-Roy, Sister Carol, John Holt, Judy Mowatt, Ken Booth, Andrew Tosh, Del Roy Wilson, e moitos máis. Compositor, Produtor, Músico, Fundador e Lider de “Soul Syndicate Band” e membro orixinal da banda "Word, Sound and Power" coa que gravou e acompañou a superestrela de reggae Peter Tosh ata a súa trágica desaparición.



"Kumpania ALGAZARRA" - (Portugal)



WORLD * FUSION * BALKAN * AFRO-BEAT * SKA * REGGAE*

En forma de brigada anti-rutina, enfeitizados pola musa da festa permanente, empapados de música e animación, dando paso á danza e a boa disposición. A semente plantada nas rúas comezou a dar os seus froitos, en forma de contrabaixo e outros instrumentos, o que levaría á banda aos escenarios.

En 2008 co lanzamento do álbum KUMPANIA ALGAZARRA, serviríalles para recoller a longa traxectoria por rúas, xardíns, escenarios, espazos alternativos e festas improvisadas.

Música nómade, multilingüe e universal. Nesa mestura de influencias imos atopando as máis diversas sonoridades musicais: furor balcánico, deambulares árabes, calores latinas, recortes de afro-beat, explosións de turbofolk e ska. O resultado é un concentrado enerxético infalible e contaxioso, conseguido a través dun proceso de fusión orixinal. As letras invitan á reflexión sobre o estado deshumanizado do Mundo e incitan á liberación do individuo, e o rumbo cara a se mesmo.

Un proxecto musical que achega algo novo á World Music feita en Portugal, capaz de suprimir fronteiras xeográficas e étnicas.

ZAMARAMANDI - (Galicia) REGGAE * ROOTS * DANCEHALL

Zamaramandi é un proxecto afín á música reggae que comezou a mediados do 2007 en Vigo.

Durante o 2008 foise conformando os compoñentes e os temas da banda, reggae roots e dub en español.

A finais do 2008 e principios do 2009 estiveron autoproducindo o seu primer tema “Movimiento Rasta”.



JUNIOR TSHAKA - (Suiza)



Durante case 10 anos, Junior Tshaka estivo a colaborar con numerosas formacións tanto en Suíza como no estranxeiro.

O seu álbum " The Jungle " producido en 2007, por Echo-Productions conta coas colaboracións do grupo francés "Sinsemilla", Sr. Lézard, ou o mesmo Rico Rodriguez. Despois dunha xira por Francia en 2007 volve a Suíza para participar nos principais festivais deste país.

En 2008, Junior Tshaka viaxa a Dakar, colaborando con músicos africanos como Didier Awadi, Baay Sooley e Temor Maxime. O seu último traballo "Il Est Temps" foi publicado o 22 de maio de 2009.

Gañador do European Reggae Conterst 2009.

Máis información do festival: www.foundationreggae festival.com

Culleredo, 19 de agosto de 2009.
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.